



BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE ALUMNADO DE CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR PARA A SÚA PARTICIPACIÓN DENTRO DO PROGRAMA ERASMUS+ PROXECTO 2024-1-ES01-KA131-HED-000235820

Primeira. Obxecto

O CIFP Leixa, convoca o proceso selectivo para asignar bolsas de mobilidade dentro do Programas Erasmus+, destinadas a alumnado de ciclos formativos, para realizar a Formación en Centros de Traballo (FCT) no estranxeiro.

Estas bolsas están destinadas a alumnado de ciclos formativos de grao superior, que teñan previsto realizar a FCT no 2026.

O obxectivo deste programa é promover a aprendizaxe e a formación de alumnado en Europa, así como o coñecemento do idioma e a cultura dos destinos de mobilidade, mediante a concesión

de bolsas para dos destinos de mobilidade, mediante a concesión de bolsas para a realización de prácticas formativas en empresas localizadas en distintos Estados da Unión Europea.

A duración da mobilidade será de aproximadamente 12/15 semanas.

Segunda. Requisitos de participación

1. Ser alumna/o do CIFP Leixa no curso 2025-2026
2. Estar matriculada/o nalgún ciclo formativo de grao superior e ter previsto realizar a FCT no período de febreiro a maio de 2026.
3. Ter os módulos de primeiro curso superados. Dispoñer da valoración positiva, non vinculante do profesorado de segundo curso.
4. Ser maior de idade antes do 1 de xaneiro de 2026.
3. Enviar un correo electrónico á dirección

programas.internacionais.cifp.leixa@edu.xunta.gal

antes do día 28 de Novembro de 2025 indicando os seguintes aspectos:

- A súa intención de participar na convocatoria
- O ciclo formativo no que está matriculada/o

Terceira. Contía das bolsas

A contía destinada a financiar os gastos de mobilidade será una cantidade fixa calculada sobre a base de importes establecidos polo Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE). Esta axuda vai destinada a colaborar nos gastos de manutención, viaxes, aloxamento, seguros

e demais gastos. É posible que a persoa beneficiaria teña que adiantar parte desta contía.

Cuarta. Información sobre as solicitudes

Realizaranse sesións informativas no centro a cada grupo de Ciclo Superior Para a inscrición, o alumnado interesado deberá achegar ao correo programas.internacionais.cifp.leixa@edu.xunta.gal a seguinte documentación:

- Formulario de inscrición cuberto.
- DNI escaneado.
- Documentación acreditativa (Certificación OFICIAL) de coñecemento de idiomas que podan achegar.
- Carta de motivación (na que se indique o destino, tipoloxía de empresa e obxectivos a acadar coa mobilidade).

O prazo de inscrición será ata o **28 de Novembro de 2025**.

Quinta. Adxudicación das prazas e publicidade do proceso de selección

Unha vez realizada a baremación das persoas candidatas de acordo cos criterios de valoración, publicarase unha listaxe provisional de alumnado seleccionado e unha listaxe de reserva para cubrir eventuais renuncias. Cómpre indicar que soamente se asignará praza ao alumnado en función das prazas dispoñibles no centro educativo correspondentes a este proxecto.

As persoas solicitantes terán un prazo de cinco días naturais, contados a partir da publicación da listaxe provisional, para a presentación de reclamacións.

Rematado o prazo de reclamacións, publicarase unha listaxe definitiva de persoas solicitantes seleccionadas e en reserva.

A publicidade dos actos do proceso de selección, así como as comunicacións procedentes, realizaranse mediante a publicación na web do centro <https://centros.edu.xunta.gal/cifpleixa/> e no taboleiro de anuncios de Programas Internacionais.

A continuación farase a asignación de prazas, en función da dispoñibilidade de empresas e as puntuacións acadadas polas persoas solicitantes.

A realización da mobilidade e o destino final sempre estará condicionado á existencia de empresas axeitadas ao perfil profesional e académico do alumnado seleccionado e á situación internacional.

Sexta. Criterios de selección

Para a selección do alumnado solicitante das mobilidades establécense os seguintes criterios:

1. Expediente académico (máximo 4 puntos). Terase en conta a nota media obtida pola/o estudante no primeiro curso do ciclo formativo
 - Se a nota media é de entre 5 e 5,99: 1 punto
 - Se a nota media é de entre 6 e 6,99: 1,5 puntos
 - Se a nota media é de entre 7 e 7,99: 2 puntos
 - Se a nota media é de entre 8 e 8,99: 3 puntos
 - Se a nota media é de entre 9 e 10: 4 puntos

2. Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida ou idioma de traballo, no caso de que sexa diferente ao do país de acollida (máximo 4 puntos).

A valoración das competencias lingüísticas farase tendo en conta as certificacións oficiais de competencias lingüísticas achegadas:

- B1: 1 punto
- B2: 2 puntos
- C1: 3 puntos
- C2: 4 puntos

3. Competencias persoais e actitudes (máximo 4 puntos)

O comité de selección considerará para este criterio a valoración das actitudes do alumnado, tendo en conta as opinións e a información dada polas persoas que forman parte do equipo docente do mesmo. Dando máis puntos a aquelas/es alumnas/os considerados, segundo este criterio, máis axeitados para formar parte das mobilidades.

O equipo de proxectos internacionais realizará unha entrevista ao alumna/o e, no caso de ser de interese, consultarase ao Departamento de información e orientación profesional. No informe valorarase:

- Grao de madurez e autonomía.
- Grao de responsabilidade.
- Motivación.
- Proactividade e participación activa.
- Competencias de organización e xestión.
- Competencias comunicativas.

Será necesario obter unha valoración positiva en cada un dos criterios para poder ser seleccionada/o. Se a puntuación total obtida non supera os 2 puntos, a persoa solicitante quedará excluída do proceso de selección.

4. Outros

No caso de empate nos méritos, darase prioridade atendendo á seguinte orde:

- 4.1. Ao alumnado de contornas socioeconómicas menos favorecidas.
- 4.2. Ao alumnado que nunca participara en mobilidades do Programa Erasmus+.

En caso de empate, aplicaranse con carácter preferente e na mesma orde, os criterios anteriores, é dicir, a praza outorgaráselle en primeiro lugar á/ao solicitante con maior puntuación no criterio "1". De continuar o empate, á/ao solicitante con maior puntuación no criterio "2", e así sucesivamente.

Sétima. Comisión de valoración

1. A selección das persoas candidatas será realizada por unha comisión avaliadora que estará integrada por:

- Presidencia: a persoa que exerza a dirección do centro educativo ou persoa en quen delegue.
- Vogalías:
 - A persoa coordinadora de Programas internacionais no centro educativo
 - Dous membros do equipo directivo do centro educativo.
- Secretaría: unha persoa docente do centro educativo, que actuará con voz pero sen voto.

2. Se por calquera causa, no momento no que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas compoñentes non puidese asistir, será substituída pola persoa que se nomee a tales efectos. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa docente do centro educativo.

Oitava. Obrigas do alumnado seleccionado

O alumnado seleccionado con bolsa disporá dun prazo de 3 días naturais desde a publicación definitiva para renunciar ou aceptar por escrito á participación no programas, na seguinte dirección de correo electrónico: programas.internacionais.cifp.leixa@edu.xunta.gal

O alumnado que acepte a participación no programa terá que enviar á anterior dirección de correo electrónico e no prazo de 3 días naturais desde a publicación definitiva a seguinte documentación:

- Compromiso de participación no programa.
- Fotocopia DNI.
- Currículum Vitae* Europass (en inglés).
- Certificado de conta bancaria con IBAN para futuros abonos a recibir.

O alumnado seleccionado estará obrigado a participar en cantas reunións sexan convocadas pola Coordinación de Programas internacionais.

O incumprimento destas obrigas implicará a exclusión do programa.

Novena. Normativa aplicable

En calquera caso, a participación neste programa está suxeita, con carácter xeral, aos criterios e bases establecidos na convocatoria de subvencións de proxectos de mobilidade Erasmus+, así como ao establecido nos convenios subscritos polo CIFP Leixa, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE).

O desenvolvemento das diferentes mobilidades quedará supeditado á concesión da subvención por parte do SEPIE.